



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que o día 25-05-2015 POLA ALCALDIA se detectou a necesidade de realizar a contratación do das obras consistentes en SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NO LUGAR DE PAREDES FASE II, debido a NECESIDADE DAS MESMAS NO CITADO LUGAR E TRATARSE DUN SANEAMENTO NUNHA SEGUNDA FASE, (XA SE FIXERON OBRAS FAI UNS MESES NUNHA PRIMEIRA FASE), CONSTANDO CON SUBVENCIÓN PARA A MESMA A TRAVÉS DO PROGRAMA PPOS/15 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA POLO IMPORTE DE 62.823,88 € E APORTACIÓN DE 1,30 € DE FONDOS PROPIOS. Unha vez aprobado o proxecto de obras correspondente e realizada a implantación, xa que existe a dispoñibilidade dos terreos, achégase este a este expediente de contratación.

Visto que, dada a característica da obra polo ALCALDE PRESIDENTE, parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que se emitiu, o día 25-05-2015, un informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que o día 25-05-2015 por Secretaría se emitiu un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que se aprobou, por Resolución da Alcaldía do día 25-05-2015, iniciar o expediente para a dita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que o día 25-05-2015 foi redactado e incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Visto que o día 25-05-2015 o interventor realizou a retención de crédito oportuna e o día 25-05-2015 emitiu un informe de Intervención de fiscalización do expediente coas conclusións seguintes: FAVORABLE.—

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe

de Secretaría, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda e no artigo 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra consistente en SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NO LUGAR DE PAREDES FASE II.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 62.825,18 euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á partida 450.611 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2015.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de obras de SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NO LUGAR DE PAREDES FASE II por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Que se soliciten ofertas ás empresas que constan na resolución de Alcaldía de data 26-05-2015.

QUINTO. *[Se é o caso]* Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. JULIO G.SAYANS BUGALLO, en CAMPO LAMEIRO, a 26 MAIO 2015; do que, como secretario, doo fe

Ante min,
O secretario



O alcalde

Asdo.: MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO Asdo.: JULIO SAYANS BUGALLO